

POLÍTICA XESTIÓN AMBIENTAL

A Dirección da **SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. (SOGAMA)**, consciente da importancia de manter o compromiso coa sostibilidade na xestión e tratamento dos residuos urbanos producidos polos 295 concellos galegos adheridos ao seu sistema, decidiu implantar un Sistema de Xestión do Medio Ambiente que sexa eficaz e axeitado ás súas necesidades, de cara a ver reducido o impacto das súas actividades sobre a contorna.

As directrices xerais establecidas son as seguintes:

- A definición do marco requirido para concretar e revisar os obxectivos e metas do sistema de xestión do medio ambiente a fin de acadar os obxectivos medioambientais fixados pola organización con carácter periódico.
- O establecemento dunha sistemática documentada para asegurar que a súa operativa se desenvolve coa axeitada protección ambiental, conforme aos requisitos establecidos.
- O uso de técnicas e medios de resposta ante emerxencias que causen o menor impacto ambiental.
- O ofrecemento, aos clientes, de servizos acordes cos requisitos e especificacións previamente determinados e coa normativa ou lexislación vixente aplicable.
- A formación de todos os empregados da organización para fomentar a correcta xestión ambiental.
- A prevención da contaminación que puidera xerar a súa actividade e a optimización no consumo dos recursos naturais finitos, facendo énfase na Redución, Reutilización e Reciclaxe de residuos, así como na Recuperación Enerxética da parte non reciclable.
- A implantación da mellora continua como norma de conduta, fortalecendo a súa actitude fronte aos impactos medioambientais que se xeran no seu labor.
- A detección dos servizos defectuosos, así como a eliminación das causas que os orixinan.

O Sistema de Xestión do Medio Ambiente foi elaborado e debe ser mantido no tempo, traballando sobre a prevención dos defectos, máis que na súa corrección.

A eficacia e aplicación do Sistema de Xestión de Medio Ambiente en **SOGAMA** é responsabilidade directa da Dirección. No seu nome e representación, designouse un Responsable de Xestión do Medio Ambiente, encargado da súa implantación, o seu desenvolvemento e mantemento, así como da avaliación da súa adecuación e correcta aplicación.

A Dirección de SOGAMA comprométese a seguir as directrices establecidas en materia de medio ambiente e a revisar periodicamente o contido da Política ambiental para garantir a súa adecuación ás necesidades, obxectivos e metas da empresa. Do mesmo xeito, comprométese á comunicación, tanto interna como externa, desta política como garantía de éxito cos seus clientes.

Presidente executivo
Cereda, 2 de xaneiro de 2023

